

FIN DO CAOS ■ Os únicos países onde hai unhas restricións moi específicas son Escocia, Suecia, Noruega e Finlandia, pero co espazo aberto case xeneralizado

Redúcese ao 1% a cancelación dos voos polo volcán no Estado

Os aeroportos españois operan con normalidade ao disiparse a nube de cinzas provenientes do volcán islandés *Eyjafjalla*, polo que onte se cancelou apenas o 1 por cento dos voos previstos, en comparación co 11 por cento que se anulou antonte.

Dos 5.254 programados, 2.090 corresponden a operacións entre España e países afectados pola nube de cinzas volcánicas e, destes, 1.109 realizaron o seu traxecto e 42 foron cancelados ata as cinco desta tarde. Os voceiros de AENA afirmaron que seguramente se producirían máis cancelacións, "pero de forma moi somera porque afortunadamente isto tende á normalidade, e xa estamos en díxitos normais". Agregaron que os únicos países onde hai algunhas restricións "moi específicas" son Escocia, Suecia, Noruega e Finlandia, "pero co espazo aberto en xeral". O ae-

roporto de Barcelona volveu onte operar con normalidade e non ten previsto cancelar por este motivo ningún dos 817 voos programados para esta xornada excepto seis "por un tema de recolocación e reestruturación das compañías".

O ministro de Fomento, José Blanco, afirmou que as axudas polos prexuízos económicos ocasionados pola suspensión dos voos en Europa deben chegar non só ás ae-

roliñas senón tamén ó turismo, que "sufriu un impacto directo". Segundo Exceltur, o sector turístico español, sen contar as aeroliñas, sufriu perdas duns 252 millóns de euros durante os seis días de restricións do tráfico aéreo, equivalentes a 42 millóns diarios.

Respecto dos prexuízos económicos, a axencia de avaliación do risco Fitch sinala que Iberia foi a menos afectada financeiramente entre as aeroliñas europeas debido ó peche do espazo aéreo causado pola erupción do volcán islandés. Fitch considera que Lufthansa e Air France-KLM serán as que se verán máis prexudicadas, con perdas estimadas de 25 e 20 millóns de euros diarios respectivamente nos seus beneficios operativos. Iberia informou que transportou un 40% máis de mercadorías en abril debido ó peche de aeroportos en Europa. ● E.P.

A CERNA

Desinformación das compañías

Facua e a Unión de Consumidores de España sinalaron onte que algunhas compañías non informaron ós pasaxeiros de algo tan básico como que teñen dereito a que se lles reembolse o diñeiro do billete.